

IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA



BASES

¿Quen se pode presentar?

- **Modalidade A (concurso-exposición):** Pode participar todo o alumnado de ESO, PCPI, Bacharelato e Ciclos formativos do IES As Mercedes así como todos os alumnos e alumnas dos centros adscritos; CPI As Mercedes, CPI do Corgo e doutros CPIs de Lugo.
- **Modalidade B (exposición):** Calquera membro da comunidade escolar do IES As Mercedes.

¿Que hai que facer?

- Categoría A.-** Fotografías que mostren exemplos da presenza das matemáticas no noso contorno.
Categoría B.- Montaxes fotográficas nas que aparezan contidos, formas ou ideas das matemáticas.
Nas dúas categorías as fotografías deberán levar un título en lingua galega relativo ás matemáticas.

¿Como se presentan as fotos?

- Categoría A.-** As fotografías presentaranse en formato de arquivo JPEG.
Categoría B.- As fotografías presentaranse en formato de arquivo JPEG cunha copia en formato de arquivo PSD (Photoshop) ou XCF (GIMP). Os arquivos poderán enviarse comprimidos.
- Remitiranse mediante correo electrónico á dirección **ies.asmercedes@gmail.com** indicando no **asunto: concurso fotográfico**. No correo incluírase o **nome e apelidos do autor**, e no caso do alumnado, o **centro e curso** no que está matriculado. Tamén se incluírá o **título da fotografía** que debe facer referencia a algún contido matemático.
 - Os autores das fotografías autorizarán a reprodución das fotos presentadas nas publicacións e páxinas web do IES As Mercedes.
 - As fotografías premiadas poderán formar parte do deseño do cartel da próxima edición do concurso.

Data límite de presentación: 4 de maio de 2012.

PREMIOS

- Categoría A: 1º premio.-** Un vale para a adquisición de material fotográfico.
2º premio.- Un vale para a adquisición de material fotográfico.
Categoría B: Premio único.- Un vale para a adquisición de material fotográfico.

¿Que vai ter en conta o xurado?

- A orixinalidade e creatividade das fotografías e do seu título.
- No caso de que o xurado considere que as fotografías presentadas non teñen un mínimo de calidade, nin unha relación evidente coas matemáticas, o premio do concurso poderá quedar deserto.
- O xurado estará composto por un profesor do departamento de matemáticas, outro do departamento de debuxo, outro do departamento de lingua galega, un representante do alumnado e un membro do equipo directivo.
- A participación no concurso significa a aceptación das presentes bases.

Organiza:

**Departamento de Matemáticas, Departamento de Debuxo
e Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).**